



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE
POR ORDES DE 16/05/2008 E 13/07/2009

DOC. ORDENACIÓN
ANEXO I TOMO III
ÁREA DE ORDENACIÓN
PORMENORIZADA
AOP-16 POVISA



**ANEXO Nº 16 Á ORDENANZA 16:
POVISA**



ÍNDICE

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN.....	3
2. ALIÑACIÓNS E RASANTES	3
3. VOOS E SAÍNTEs	3
4. CONDICIÓNs DA EDIFICACIÓN	4
A. Ocupación	4
B. Aproveitamento	4
C. Altura	4
D. Altura de pisos	4
E. Usos	5
5. PLANOS DE ORDENACIÓN	5
1.- Estado Actual e Determinacións do PXOM.....	5
2.- Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións	5
3.- Ordenación e Usos Pormenorizados	5



FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP - 16

NOME:	POVISA
DISTRITO:	4
DELIMITACIÓN:	Plano Adxunto
SUPERFICIE ÁMBITO:	6.905 m ²

1 ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-16.
2. Aínda que inserta nunha trama de ensanche en cuarteirón pechado na que esta edificación ocupa a totalidade de un cuarteirón, a tipoloxía edificatoria é máis a propia da edificación illada en bloque aberto ou dunha edificación singular con aliñacións exteriores axustadas as do cuarteirón.
3. Establécese como Uso Característico o Dotacional, Clase Sanitario, Categorias 12ª e 13ª.
4. O obxectivo desta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme a mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente AOP ten por obxecto ordenar a dotación sanitaria do complexo hospitalario POVISA, a fin de posibilitar a súa ampliación de xeito integrado na trama urbana na que se serve.

2 ALIÑACIÓNS E RASANTES

Disporáanse conforme a localización definida nos planos de ordenación da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa máis adiante.

3 VOOS E SAÍNTES

Sobre Rasante autorizaranse os voos e saíntes regulados nos Capítulos 6.6 *CONDICIÓN DE VOLUME E FORMA DOS EDIFICIOS* e 9.3 *ORDENANZA 3. EDIFICACIÓN EN CUARTEIRÓN PECHADO* da Normativa Urbanística deste PXOM.



4 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

A ocupación máxima das parcelas será:

PARCELA	P.1
Ocupación Sobre Rasante	100%
Ocupación Baixo Rasante	100%

B. Aproveitamento

Permitirase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

PARCELA	Superficie	Edificabilidade Máxima
M1	4.854	44.770

C. Altura

- Número de Plantas Máximo Oito (8) plantas
- Altura en metros: Altura Total 29,00 metros

Esta altura correspóndese coa das edificacións existentes no entorno próximo e resulta precisa para atender as demandas de superficie e condicións propias deste equipamento sanitario

D. Altura de pisos

- A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.



E. Usos

1. *Uso Característico:* Dotacional, Clase Sanitario, Categorias 12ª e 13ª.

- Que comprende a prestación de asistencia médica e servicios quirúrxicos, en réxime ambulatorio ou con hospitalización, exclúense os que se presten en despachos profesionais.
- Categoría 12ª. Establecimentos sanitarios para a medicina humana sen internamento, de titularidade pública ou privada (ambulatorios, consultas, clínicas odontolóxicas, matronas, enfermeiras, laboratorios de análise, etc.)
- Categoría 13ª. Establecimentos sanitarios para a medicina humana con internamento, de titularidade pública ou privada (hospitais, clínicas e sanatorios, etc.)

2. *Usos Compatibles*

- Comercio, Categoría 1ª asociada á actividade
- Oficinas, Categorias 7ª asociada á actividade
- Recreativo e Reunión, Categorias 10ª asociada á actividade
- Uso Garaxe-Aparcamento

3. *Usos Prohibidos:*

- Os restantes

5 PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

- 1.- Estado Actual e Determinacións do PXOM
- 2.- Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
- 3.- Ordenación e Usos Pormenorizados